

## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	13	Data	24/04/2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>▪ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ María Jesús Brañas Porto</li> <li>▪ Juan Luís López Dasilva</li> </ul>						

### Temas tratados

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, das acta da sesións anteriores.

Enviáronse por correo electrónico os borradores das actas número 11 e 12, apróbanse por unanimidade.

#### 2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

#### 3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

**Promoción da oferta educativa.** O departamento recibiu a visita de diferentes grupos de estudantes, se lle amosaron as instalacións e se lles informou dos diferentes ciclos que se poden cursar na *familia profesional Madeira e Moble*. Os centros que nos visitaron foron:

- 29 de marzo o CIFP Carlos Oroza (FP Básica de Cociña).
- 12 de abril IES A Xunqueira I (Bacharelato).

**Probas libres.** Convocáronse 10 prazas para *Instalación e Amoblamento* e 10 prazas para *Deseño e Amoblamento*. Hai que realizar unha proposta de calendario de probas libres, se amosa un borrador coas datas das probas de cada módulo e todo o profesorado está de acordo co mesmo.



**Equipo de normalización lingüística.** O equipo de normalización lingüística propuxo facer un póster para cada familia profesional. Se trata de asociar unha imaxe icónica de cada familia profesional con diferentes palabras. Se algún membro do departamento ten algunha idea pode transmitila o equipo de normalización.

#### **4. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.**

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

#### **5. Rolda de intervencións.**

María Jesús Brañas comenta que os ordenadores da aula HM2 son moi antigos e van moi lentos. Proponse buscar unha empresa de informática para que analice a viabilidade de mellorar o Hardware dos ordenadores.

José Manuel Del Valle comenta que o 26 de xuño se vai a dar a coñecer en Santiago de Compostela o proxecto programa Erasmus + 2016-1 ES01-KA202-025505 “Acabados e revestimentos do moble: da fabricación tradicional á industria 4.0”. Se pide os titores que transmitan esta información o alumnado.

Juan Luís López comenta que vai a facer unha ACF non programada cos alumnos de 1º de Carmo, a actividade é unha visita as instalacións da Escola de Forestais. Se algún grupo máis quere asistir debe comunicarllo.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

#### **Acordos**

- Acórdase estudar a viabilidade de mellorar o hardware dos ordenadores da aula HM2. Responsable: Xefe de departamento.

#### **Anexos**

- *Non hai.*

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

